
ERNESTO E CELESTINA MÚSICOS DA RÚA

Texto e ilustracións de **GABRIELLE VINCENT**

Tradución de **TAMARA ANDRÉS**

Encadernado en cartón. 24 x 22 cm. 32 páx. 16 €.

Ernesto e Celestina, músicos da rúa (galego)
ISBN 978-84-8464-286-2. Tras os montes.

Ernesto y Celestina, músicos callejeros (castelán)
ISBN 978-84-8464-285-5. Libros para soñar.

Ernest i Celestina, músics de carrer (catalán)
ISBN 978-84-16804-11-5. Llibres per a somniar.

Ernesto eta Zelestina, kale musikariak (éuscaro)
ISBN 978-84-7681-979-1. Kalandraka - Pamiela.

–Mira, Celestina. Está a chover no faiado.

*Imos ter que reparar o teito antes do inverno.
–Pero iso custa moitos cartos, Ernesto! Como imos facer?*

–Estás triste, Ernesto?

–Non, estou a pensar como conseguir o diñeiro...

“Ernesto e Celestina, músicos da rúa” é un dos 30 libros dunha exitosa serie que Gabrielle Vicent comezou a publicar nos anos 80 sobre as peripecias dun oso bonachón e dunha fráxil ratiña. Viven modestamente nunha casa que de súpeto precisa reparacións e, para poder pagar os arranxos, Celestina proponlle a Ernesto que toque o violín na rúa.

As diferenzas entre os dous son máis que evidentes non só dende o punto de vista físico, polo aspecto robusto de Ernesto e polo pequeno tamaño de Celestina, senón que tamén as súas personalidades son moi distintas: ela representa a iniciativa, o dinamismo, o tesón e o optimismo fronte ao carácter del, máis preguiceiro, protector e pesimista.

Trátase dun álbum de estrutura dialogada que destaca pola súa linguaxe sinxela e polo equilibrio entre o texto e as ilustracións, de xeito que a ausencia de palabras en determinadas escenas apóiase na narración visual da historia. Son imaxes pictóricas; suaves acuarelas con debuxos de trazos soltos.

Un relato que desprende tenrura, pinceladas de humor e no que están presentes o valor da amizade, da xenerosidade, a unión e o espírito emprendedor para superar as dificultades; que aposta por atopar a felicidade nas cousas sinxelas e en compartir os bos momentos.



- **Temática:** amizade, iniciativa, superación.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos, primeiros lectores.
- **Aspectos destacables:** diferentes aspectos físicos, personalidades distintas; convivencia, compañeirismo, complementariedade; emocións.

Gabrielle Vincent

(Bruxelas, 1928 - 2000)

Pseudónimo de Monique Martin, que tomou ese nome dos seus avós, Gabrielle e Vicent. Traballou como pintora antes de iniciar, nos anos 80, a súa traxectoria como autora e ilustradora de libros infantís. A serie Ernesto e Celestina -que se adaptou ao cine en 2012 e recibiu o Premio César á mellor película de animación, unha mención especial no Festival de Cannes e foi distinguida pola Asociación de Críticos dos Ánxeles- foi a súa obra máis recoñecida.

